

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se convocan para o ano 2006.

O Regulamento (CE) núm. 1784/2003, do Consello, do 29 de setembro, polo que se establece a organización común de mercados (OCM) no sector dos cereais, prevé a concesión de restitucións á produción para o amidón obtido a partir de millo e trigo, ou para fécula de pataca, así como para certos produtos derivados utilizados na fabricación de determinadas mercadorías.

As disposicións de aplicación do dito regulamento veñen establecidas no Regulamento (CEE) 1722/1993, da Comisión, do 30 de xuño.

Esta resolución ten en conta o procedemento para a tramitación e concesión de axudas na Comunidade Autónoma de Galicia, previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se

aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas na nosa comunidade autónoma; asemade incorpora ao seu articulado as normas da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que polo seu carácter de básicas sexan de aplicación.

Segundo a Lei 7/1994, do 29 de decembro, de creación do Fondo Galego de Garantía Agraria -Fogga- (así denominado en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo), e o Decreto 128/1996, do 14 de marzo, que a desenvolve, correspóndelle ao dito organismo, entre outras funcións, a execución da política desta consellería en relación coas accións derivadas da aplicación da Política Agrícola Común (PAC) e a concesión de axudas para o funcionamento das distintas organizacións comúns de mercados na Comunidade Autónoma de Galicia.

Con baseamento no anterior, esta resolución establece na súa sección I o procedemento para a tramitación e concesión das restitucións á produción no sector dos cereais nesta comunidade autónoma, e na súa sección II a convocatoria destas axudas para o ano 2006.

Polo tanto, tendo en conta o disposto no artigo 78.3º e 8º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no artigo 8 da Lei 7/1994, do 29 de decembro, pola que se crea o Fondo Galego de Garantía Agraria (denominado así en virtude da disposición adicional quinta da Lei 7/2002, de medidas fiscais e de réxime administrativo) e no artigo 14 d) e i) do Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto regular, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o procedemento de solicitude, tramitación e concesión de restitucións á produción pola utilización de amidón, obtido a partir de trigo, millo, arroz ou partidos de arroz, así como fécula de pataca, ou determinados produtos derivados na fabricación de mercadorías relacionadas no anexo I do Regulamento (CEE) 1722/1993, así como a súa convocatoria para o ano 2006, polo que se estrutura en dúas seccións, a Sección I dedicada ao establecemento das bases reguladoras e a Sección II referida á convocatoria da axuda para o ano 2006.

Sección primeira Bases reguladoras

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Para poder acceder ás restitucións reguladas nesta resolución deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter na Comunidade Autónoma de Galicia un centro de produción para os produtos a que se refire o artigo anterior.

b) Dispor da cualificación de fabricante autorizado, inscrita no rexistro de empresas autorizadas, de acordo co previsto no artigo seguinte.

c) Levar unha contabilidade material específica, detallando para cada produto final obtido, as materias primas que tivesen entrada na industria así como o seu proceso de transformación.

Non obstante, quedarán exentos da obriga de levar a antedita contabilidade material os compradores que utilicen por trimestre natural menos de 1.000 kg dos produtos co código NC 3505 10 50.

d) Presentar a solicitude de certificado de restitucións conforme ao previsto no artigo 4º desta resolución.

2. Ademais, os fabricantes autorizados que elaboren produtos da epígrafe NC 3505 10 50, deberán presentar, na forma prevista no artigo 6º.1 desta resolución, e no prazo dos vinte días hábiles seguintes á finalización de cada trimestre natural, copia das declaracións presentadas correspondentes ao dito trimestre, segundo o modelo do anexo III, así como unha declaración resumo, axustada ao modelo do anexo IV desta resolución.

3. En todo caso, os solicitantes deberán acreditar o cumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios das subvencións e axudas públicas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 3º.-Cualificación e rexistro de fabricante autorizado.

1. Para poder percibir as axudas previstas nesta resolución, as empresas terán que estar previamente cualificadas e inscritas no rexistro de fabricantes autorizados do Fogga. Para estes efectos, os novos fabricantes presentarán na mesma forma prevista no artigo 6º.1 desta resolución unha solicitude de cualificación conforme o modelo do anexo I (A e B), xuntándolle copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal ou, no seu defecto, último recibo do imposto de actividades económicas (IAE).

2. Unha vez comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos establecidos no artigo 4 do Regulamento (CEE) 1722/1993, o respectivo servizo provincial do Fogga elevará, a través do delegado provincial proposta de inscrición rexistral ao director do Fogga para que dite a correspondente resolución.

3. Para os efectos de manter actualizado o dito rexistro, os fabricantes inscritos de acordo co previsto nos dous puntos anteriores, así como os inscritos con anterioridade polo Fogga ou polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) presentarán, tres meses antes do comezo da campaña e na forma prevista no artigo 6º.1 desta resolución, unha declaración actualizada segundo o modelo que se xunta como anexo II.

4. As empresas inscritas que cesen na actividade de fabricación ou non presenten a declaración anual da actualización conforme o disposto no punto anterior, perderán a dita cualificación e serán dadas de baixa no rexistro.

Artigo 4º.-Certificado de restitución.

1. Para poder beneficiarse da restitución, as empresas inscritas no rexistro de fabricantes autorizados deberán presentar calquera día laborable antes das 17.00 horas e na forma prevista no artigo 6.1º desta resolución, unha solicitude de certificado segundo o modelo do anexo V, xuntándolle a seguinte documentación:

a) Garantía de 15 euros/t de amidón ou fécula base utilizados, multiplicada, se é o caso, polo coeficiente correspondente ao tipo que se utilice, de acordo co disposto no anexo II do Regulamento (CEE) 1722/1993 que se constituirá na forma prevista no artigo 9º.2 desta resolución.

b) Declaración do provedor de amidón ou fécula na que se indique que o produto que se vai utilizar se obtivo directamente a partir de millo, trigo ou patacas, excluindo calquera outra utilización de subprodutos obtidos na fabricación doutros produtos agrarios ou mercadorías.

Non obstante, os provedores de amidón ou féculas que consten nas relacións do FEGA relativas á proba documental da procedencia do amidón, non terán que presentar a dita declaración.

2. O respectivo servizo provincial do Fogga comprobará a veracidade da declaración presentada e, de ser o caso, expedirá co visto e prace do seu delegado provincial o correspondente certificado.

3. Este certificado terá validez desde a data de presentación da solicitude ata o derradeiro día do quinto mes seguinte ao da súa expedición.

Malia o anterior, durante os meses de xullo e agosto, e ata o vinte e catro de setembro incluído, a validez dos certificados solicitados neses períodos estará limitado a trinta días, contados desde o da súa expedición, sen que, en ningún caso poida exceder a data do trinta de setembro.

4. Durante o prazo de validez, o tipo de restitución será o vixente no día de presentación da solicitude. Non obstante, se algunha das cantidades de amidón ou fécula que constan no certificado se transformase durante a campaña de comercialización seguinte a aquela en que se presentase a solicitude, a restitución aplicable aos produtos transformados na seguinte campaña axustarase en función da diferenza entre o prezo de intervención utilizado para o cálculo da restitución e o aplicable durante o mes de transformación, multiplicado polo coeficiente 1,60; neste caso, o tipo de conversión será o vixente o día de transformación do amidón ou fécula.

5. Os dereitos xerados como consecuencia do certificado de restitución serán intransferibles.

Artigo 5º.-Solicitudes de restitución.

Obtido o certificado de restitución, os fabricantes autorizados poderán solicitar o pagamento da restitución. As solicitudes, debidamente asinadas formalizaranse de acordo co modelo que se xunta como anexo VIII, e poderán referirse a toda ou a unha parte da cantidade que conste no certificado.

Se o produto autorizado no certificado está incluído no código NC 3505 10 50, xunto coa dita solicitude presentárase garantía por importe igual á cantidade solicitada e constituírase da mesma forma prevista no artigo 9.2º.

Artigo 6º.-Forma de presentación e prazo das solicitudes.

1. As solicitudes presentáranse nos servizos provinciais do Fogga ou por calquera das canles previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e dirixíranse ao director do Fogga.

2. O prazo de presentación será de 12 meses, contados a partir do derradeiro día de validez do certificado de restitución. Non obstante, admitíranse as solicitudes presentadas nos 18 meses seguintes ao remate do prazo anterior, cunha minoración neste caso do importe de restitución nun 15%.

Artigo 7º.-Tramitación.

1. Os servizos provinciais do Fogga, conforme os datos que figuran no certificado e logo dos controis pertinentes ou, de ser o caso, logo de comprobar a utilización do amidón ou fécula para a fabricación de produtos autorizados, elevarán a proposta que corresponda ao director do organismo para que en virtude das solicitudes achegadas dite a resolución que corresponda.

2. O prazo máximo para resolver e pagar as restitucións será de 150 días desde a finalización dos controis polo servizo provincial do Fogga que corresponda.

3. Entenderanse desestimadas por silencio administrativo as solicitudes presentadas cando no devandito prazo non houberse resolución expresa.

Artigo 8º.-Importe das restitucións.

1. As restitucións soamente se aboarán pola cantidade de amidón ou fécula realmente utilizado no proceso e, en ningún caso, a cantidade superará o 105% da que conste no certificado.

2. O importe da restitución calcularase de acordo co previsto no artigo 3 do Regulamento (CEE) 1722/1999, e cando se utilicen os produtos recollidos na alínea B do anexo II do dito regulamento, terá o coeficiente multiplicador que se especifica na mesma alínea.

En calquera caso, tanto se é amidón ou fécula base, como cando se trate dos seus produtos derivados, terase en conta o seu contido en materia seca efectuándose o axuste correspondente.

Artigo 9º.-Anticipos e garantías.

1. Non obstante o disposto no artigo 7º, números 1 e 2 desta resolución, utilizado o amidón e presentada a solicitude de pagamento da restitución o fabricante poderá solicitar o anticipo do seu importe achegando, na mesma forma prevista no artigo 6º.1, unha solicitude de acordo co modelo contido no anexo IX desta resolución, xuntando a esta, agás no suposto previsto no parágrafo dous do artigo 5º, unha garantía por importe igual á cantidade solicitada máis un 15% adicional.

2. Esta garantía constituírase ante a delegación provincial do Fogga en metálico, títulos de débeda pública, aval ou póliza de seguro de caución, conforme os modelos que se xuntan como anexos VI e VII desta resolución.

3. Logo da comprobación do dereito á axuda, o servizo provincial do Fogga que corresponda elevará a oportuna proposta, a través da súa delegación provincial, ao director do organismo, para que este efectúe o pagamento dos anticipos.

4. O prazo para resolver sobre o anticipo solicitado será de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da presentación da solicitude. Transcorrido este, poderase entender desestimada a solicitude de anticipo por silencio administrativo.

Artigo 10º.-Liberación de garantías.

Por instancia do interesado, o delegado provincial do Fogga que proceda, devolverá as garantías presentadas de acordo co seguinte:

a) As presentadas coa solicitude de anticipo (artigo 9.1º), cando se recoñeza o dereito á percepción da restitución pola cantidade anticipada, de acordo co artigo 7º.1 e 2 desta resolución, agás no suposto de que a restitución sexa concedida por cantidade inferior á anticipada, caso, no que poderá executarse a garantía pola diferenza entre ambas as dúas cantidades, de non ingresar o interesado a dita cantidade logo do requirimento do Fogga.

b) As presentadas coa solicitude do certificado de restitución (artigo 4º.1.a) cando se recoñeza o dereito á restitución derivada do dito certificado, logo de que o fabricante utilizase polo menos o 90% da cantidade de amidón ou fécula que conste no certificado.

c) As presentadas coa solicitude de pagamento (artigo 5º, parágrafo segundo), cando se acredite que o produto se utilizou para fabricar outros distintos aos sinalados no anexo II do Regulamento (CEE) 1722/1993.

Esta acreditación consistirá, dentro do territorio aduaneiro da comunidade, na presentación dunha declaración axustada ao modelo do anexo III desta resolución; e no caso de exportación a países terceiros, na presentación dunha fotocopia do exemplar para aduana (exemplar 1), da declaración de exportación (DUA) dilixenciada ao dorso pola correspondente aduana coa indicación da data de saída do territorio aduaneiro da comunidade.

Artigo 11º.-Controis administrativos.

Todos os controis administrativos e, se é o caso, sobre o terreo, serán efectuados polos servizos provinciais do Fogga, nun prazo máximo de 150 días desde a presentación da solicitude de pagamento da restitución.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas previstas nesta resolución e, en todo caso, a obtención concorrente de

subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O importe da axuda concedida non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

Artigo 13º.-Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro, total ou parcial, do importe da axuda e mais os xuros de mora producidos desde o pagamento no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e, en todo caso, nos supostos previstos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 14º.-Penalizacións.

Sen prexuízo do previsto no artigo anterior, e de conformidade co disposto no punto 7º do artigo 10 do Regulamento (CEE) 1722/1993, no suposto de constatarse que non se cumpren as condicións establecidas no dito artigo, esixirase o pagamento do importe equivalente ao 150% da restitución máis elevada aplicable ao produto de que se trate, durante os 12 meses anteriores á dita constatación.

Artigo 15º.-Recursos administrativos.

Contra as resolucións que, en aplicación desta resolución, dite o director do Fogga, poderase interpoñer recurso de alzada ante o presidente do dito organismo no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se a resolución non fose expresa, o prazo será de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Artigo 16º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que, en calquera momento, lle poidan exixir os órganos correspondentes do Fogga, o beneficiario da restitución ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos dependentes do organismo pagador, pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lle sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección e control.

Sección segunda
Convocatoria das restitucións
para o ano 2006

Artigo 17º.-Condicións e finalidade.

Para resultar beneficiario das restitucións á produción no sector dos cereais, deberanse cumprir

os requisitos establecidos no artigos 2º desta resolución, sen prexuízo de que os solicitantes deberán ademais acreditar o cumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios das subvencións e axudas públicas no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 18º.-Solicitudes de axuda.

1. As solicitudes, debidamente asinadas, cubri-ranse consonte o disposto no artigo 5º desta resolución no modelo que se xunta como anexo VIII e na forma e prazo disposto no artigo 6º.

2. Conforme o previsto no artigo 2.3º da sección I desta resolución, cando na solicitude de pagamento (anexo VI) non autorizasen ao Fogga para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e da Consellería de Economía e Facenda a expedición dos certificados acreditativos de estar ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública desta comunidade autónoma, os solicitantes deberán achegar as ditas certificacións xunto coa solicitude de pagamento da axuda, agás no caso de que o importe da axuda non exceda de 1.500 euros, suposto no que quedarán exentos de achegar os xustificantes correspondentes.

Artigo 19º.-Financiamento.

1. O financiamento das restitucións á produción no sector dos cereais, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.90.614A.779.0, do proxecto do orzamento de gastos do Fogga para 2006, por importe de 10.000 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas condicionarase á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposición adicional

Única.-Sen prexuízo do disposto nos artigos 12º, 13º e 14º desta resolución, seralles de aplicación aos beneficiarios das restitucións reguladas nesta resolución o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición derradeira

Primeira.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2006.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2005.

Edelmiro López Iglesias
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria

ANEXO I-A



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO RESTITUCIÓNS Á PRODUCCIÓN NO SECTOR DOS CEREAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR262A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN COMO FABRICANTE
--	---	--

DATOS DO FABRICANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF		
ENDEREZO				
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Na súa representación

APELIDOS		NOME		DNI
FUNCAIDADE DE		ENDEREZO		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	

DECLARA:

- 1) Coñecer e comprometerse ao cumprimento do disposto no Regulamento (CEE) nº 1722/1993 da comisión, polo que se establecen as disposicións de aplicacións dos Regulamentos nºs 1784/2003 e 1418/76, do Consello, no que respecta ao réxime das restitucións á produción no sector dos cereais, así como a Resolución do director do Fogga pola que se tramita o procedemento para a solicitude e a concesión das ditas restitucións.
- 2) Que o lugar onde se vai realizar o proceso de transformación do amidón ou fécula nos produtos autorizados é:

Domicilio, localidade e provincia da instalación fabril _____

- 3) Que fabrica os produtos que se describen no anexo I (B) desta solicitude, utilizando os tipos e porcentaxes de amidón ou fécula que nela se consignan.
- 4) Comprometerse a levar unha contabilidade específica material que permita realizar as verificacións establecidas.
- 5) Someterse aos controis regulamentarios, e achegar todos os documentos e información que lle sexan requiridos.

SOLICITA:

A autorización como fabricante no sentido do artigo 2 do Regulamento (CEE) nº 1722/1993, para efectos de beneficiarse das restitucións á produción no sector dos cereais e do arroz.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- R (CEE) 1722/1993, da Comisión, do 30 de xuño.
- R (CEE) 1784/2003, do 29 de setembro, do Consello.
- R (CEE) 1418/1976, do 21 de xuño, do Consello.
- Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de 2000

Director do FOGGA.

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

DECLARACIÓN ANUAL DO FABRICANTE AUTORIZADO

DATOS DO FABRICANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF		
ENDEREZO				
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Don / Dona _____ con DNI _____
 en calidade de _____ do fabricante arriba indicado.

EXPÓN:

1º- Que, con data _____ lle foi concedida por _____
 a cualificación de fabricante autorizado, para efectos de beneficiarse do réxime de restitucións á produción previsto nos sectores dos cereais,
 asignándoselle o nº _____

2º- Que para efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 3.3 da Resolución do director do Fondo Galego de Garantía Agraria pola que se
 regula o procedemento para a concesión de restitución á produción no sector dos cereais.

Declara que non se produciron modificacións respecto á declaración que presentou na data _____, relativa
 aos produtos nos que na súa fabricación se utiliza amidón ou fécula.

Presenta declaración actualizada, de acordo co dorso do anexo I, que anula a presentada en data _____, onde se
 detallan os produtos nos que na súa fabricación se utiliza amidón ou fécula.

(Nota: Márquese cunha cruz a opción que corresponda)

3º- Que se produciron outras variacións respecto á última declaración, que a continuación manifesto:

_____ de _____ de 200 _____

(sinatura do declarante e selo, se é o caso, da empresa)

ANEXO III

DECLARACIÓN UTILIZACIÓN AMIDÓN NC 3505.10.50

PROBA Nº _____ / 200 _____

NOME E RAZÓN SOCIAL DO FABRICANTE				NIF / CIF	
DOMICILIO		MUNICIPIO		PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELEX OU FAX	Nº DE FABRICANTE	DATA DE AUTORIZACIÓN	

Don / Dona _____ co DNI _____
 en calidade de _____ do fabricante arriba indicado.

En relación aos _____ kg de amidón N.C. 3505.10.50 a que se refire o certificado de restitución nº _____,
 do _____, sobre a que se depositou garantía de _____ € con data _____, mediante:
 (indicar o que proceda: aval, seguro de caución, etc.) _____

DECLARA:

1º - Que o amidón ou fécula de referencia tivo os seguintes destinos e se corresponde cos datos que a continuación se transcriben:

PARTIDA Nº (numerar segundo destinos)	KG	DESTINO NOME/ENDEREZO/PAÍS	FACTURA Nº	DATA SAÍDA	T-5/DUA DATA/Nº
TOTAL					

2º - Que este fabricante coñece o Regulamento (CEE) nº 1722/1993 e asume que o produto só se utilizará para fabricar produtos distintos aos previstos no anexo II do dito regulamento.

3º - Que nas partidas vendidas relacionadas cos números _____, mediante _____ que consta no noso poder á súa disposición, se constatou a obriga de asumir o compromiso do punto anterior e trasladala a outros compradores se existisen, conservando por parte destes a disposición da Delegación Provincial do FOGGA documentación acreditativa diso, así como nomes, enderezos e facturas, de forma sucesiva ata o último usuario, aceptando en calquera elo da cadea someterse aos controis que puidesen organizarse.

4º - Que o fabricante ten coñecemento do punto 7 do artigo 10 do regulamento citado e no caso de incumprimento acepta o pagamento dun importe equivalente ao 150% da restitución máxima que vén aplicándose desde 12 meses antes da data _____ no que se solicitou o certificado de restitución relativo á partida á que fai referencia esta declaración.

5º - Con relación á partida nº _____ de _____ kg que foi exportada a _____, país terceiro, achégase _____ que acredita a súa saída do territorio comunitario.

_____ de _____ de 200 _____
 (Sinatura e selo, se é o caso, da empresa)

ANEXO IV

RESUMO TRIMESTRAL DE DECLARACIÓN DE UTILIZACIÓN DE
AMIDÓN N. C. 3505.10.50

DECLARACIÓN RESUMO Nº _____

TRIMESTRE _____

NOME E RAZÓN SOCIAL DO FABRICANTE				NIF / CIF	
DOMICILIO		MUNICIPIO		PROVINCIA	
CODIGO POSTAL	TELÉFONO	TELEX OU FAX	Nº DE FABRICANTE		DATA DE AUTORIZACIÓN

Don / Doña _____ con DNI _____
 en calidade de _____ do fabricante arriba indicado.

DECLARA

Que o amidón de referencia tivo os seguintes destinos que corresponden cos datos que se transcriben a continuación:

CERTIFICADO RESTITUCIÓN Nº	PARTIDA Nº	KG	DESTINO NOME/ENDEREZO/PAÍS	FACTURA Nº	DATA SAÍDA	T-5/DUA DATA/Nº

TOTAL CERTIFICADOS

Que se achegan copias das declaracións de uso habidas no trimestre.

_____, ____ de _____ de 200__

(Sinatura e selo, se é o caso, da empresa)

ANEXO V



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO RESTITUÇÕES Á PRODUCCIÓN NO SECTOR DOS CEREAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR262A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN
---	---	---

DATOS DO FABRICANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	Nº FABRICANTE	DATA DE AUTORIZACIÓN
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

1º- Que pretende utilizar (letra) _____ t (cifras) _____ t de _____ (1) con N C _____, equivalentes a (letra) _____ (2) t (cifra) _____ de _____ (3), en produto autorizado con N C _____

2º- Que a utilización se realizará na fábrica situada en _____ Rúa/Praza _____

3º- Que o calendario de transformación previsto é o seguinte (4):

DATA	AMIDÓN OU FÉCULA (1) t	PRODUTO AUTORIZADO QUE SE VAI OBTER (1) (5)

4º- Que a cantidade de amidón indicada no punto 1º procede: do provedor _____ con N I F _____,

SI NON se xunta declaración do provedor de amidón ou fécula (artigo 5.3 do Regulamento (CEE) nº 1722/1993)

5º- A garantía establecida no artigo 8 do Regulamento (CEE) nº 1722/1993 achégase mediante (6) _____, nº _____ emitida pola entidade financeira _____ por un importe de _____ €.

SOLICITA:

Que lle sexa expedido o certificado de restitución preceptivo.

LEGISLACIÓN APLICABLE - R (CEE) 1722/1993 da Comisión do 30 de xuño. - R (CEE) 1784/2003 do 29 de setembro do Consello. - R (CEE) 1418/1976 do 21 de xuño do Consello. - Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se convocan para o ano 2006.
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
_____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO	_____/_____/_____
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	_____/_____/_____
	DATA DE EFECTOS
	_____/_____/_____
	DATA DE SAÍDA
	_____/_____/_____

Director do FOGGA.

DESCRIBIÓN DAS CHAMADAS DO ANEXO V, VIII E IX

- (1) Amidón, fécula de pataca ou produto derivado que vaia utilizar, dos que figuran no anexo II do Regulamento (CEE) nº 1722/93.
- (2) Obtense multiplicando as toneladas do produto que se vai transformar polo coeficiente do anexo II do Regulamento (CEE) nº 1722/1993.
- (3) Amidón básico de millo, trigo ou arroz, ou fécula de pataca.
- (4) O calendario de transformación indicárase, de ser posible, por decenas naturais.
- (5) Descrición segundo o anexo I do R (CEE) 1722/1993.
- (6) Certificado de depósito en metálico ou títulos de débeda pública na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda / aval bancario / póliza de seguro de caución.

**ANEXO VI
MODELO DE AVAL**

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca) _____, NIF _____, con domicilio (para efectos de notificacións e requisito) en _____ na rúa/praza/avenida _____ CP _____ e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados) _____ con poderes suficientes para obrígalo neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento.

AVALA

A _____ NIF/CIF _____, por un importe de (letra) _____ euros, (cifra) _____ €, para responder perante o FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA) das obrigas derivadas de (1) _____

en virtude do disposto no R (CEE) 1722/1993 da comisión, do 30 de xuño.

Este aval outórgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa aos beneficios de exclusión e división, e con compromiso de pagamento ao primeiro requisito do FOGGA, con suxeición aos termos previstos no Regulamento (CEE) nº 2220/1985, da comisión, do 22 de xullo de 1985, polo que se establecen as modalidades comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas.

O presente aval estará en vigor ata que o FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA) autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co establecido na lexislación vixente.

LUGAR E DATA
RAZÓN SOCIAL DA ENTIDADE
SINATURA DOS APODERADOS

VERIFICACIÓN DO PODER POLA ASESORÍA XURÍDICA DA XUNTA DE GALICIA

PROVINCIA	DATA	NÚMERO OU CÓDIGO
-----------	------	------------------

(1) Segundo se trate de: a) Solicitude de certificado, b) Solicitude de anticipo, ou c) Solicitude de pagamento da restitución para os produtos NC 3505.10.50, deberanse incluír os seguintes textos 1, 2 e 3 respectivamente:

Texto 1: “O COMPROMISO DE UTILIZAR (letra) _____ t, (cifra) _____ t, de (2) _____ NC _____ equivalentes a (letra) _____ (cifra) _____ t de amidón de (4) _____, no produto aprobado (3) _____, co NC _____, dentro do período de validez do certificado”.

Texto 2: “A concesión dun ANTICIPO da cantidade de (en letra e número) _____ €, en concepto de restitución á produción no sector dos cereais e do arroz”.

Texto 3: “A percepción da RESTITUCIÓN á produción pola utilización de (letra e número) _____ t de amidón (2) _____ NC _____, no produto _____ co NC 3505.10.50, e que foi transformado conforme o certificado de restitución nº _____, expedido polo Servicio Provincial do FOGGA en _____”.

- (2) Designación segundo o anexo II do R (CEE) 1722/1993.
- (3) Designación segundo o anexo I do R (CEE) 1722/1993.
- (4) Millo, trigo, partidas de arroz ou fécula de pataca.

ANEXO VII

MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

Certificado número _____

A entidade (razón social completa da entidade aseguradora) _____
 (en diante, asegurador), con enderezo en _____, rúa _____, e
 CIF _____, debidamente representado por Don / Dona. _____,
 con poderes suficientes para obrígalo neste acto, segundo resulta da verificación da representación da parte inferior deste documento.

ASEGURA

A _____, NIF / CIF _____,
 en concepto de tomador do seguro, ante o FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA, en diante asegurado, ata o importe de euros (importe en
 letras) _____ (en cifras) _____ €, por (1)

en virtude do disposto no Regulamento (CEE) nº 1722/1993 da comisión, do 30 de xuño, para responder das obrigas, penalidades e demais gastos
 que se poidan derivar conforme as normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ao asegurado.

A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non lle dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará
 extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida, nin estea liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador non poderá opoñerlle ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro. Este seguro de caución
 outórgase solidariamente respecto o obrigado principal, con renuncia expresa aos beneficios de exclusión e división.

O asegurador asume o compromiso de indemnizar o asegurado ao primeiro requirimento do FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA
 (FOGGA), nos termos establecidos no Regulamento (CEE) nº 2220/85, da comisión, do 22 de xullo de 1985, polo que se establecen as modalidades
 comúns de aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que o FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA) autorice a súa cancelación ou
 devolución, de acordo co establecido na lexislación vixente.

_____, _____ de _____ de _____

Sinatura

Asegurador _____

VERIFICACIÓN DO PODER POLA ASESORÍA XURÍDICA DA XUNTA DE GALICIA

PROVINCIA	DATA	NÚMERO OU CÓDIGO

- (1) Segundo se trate de: a) Solicitud de certificado, b) Solicitud de anticipo, ou c) Solicitud de pagamento da restitución para os produtos NC 3505.10.50, deberanse incluír os seguintes textos 1, 2 e 3 respectivamente:

Texto 1: "O COMPROMISO DE UTILIZAR (letra) _____ t, (cifra) _____ t,
 de (2) _____ NC _____ equivalentes a (letra) _____ (cifra) _____
 t de amidón de (4) _____, no produto aprobado (3) _____, co
 NC _____, dentro do período de validez do certificado".

Texto 2: "A concesión dun ANTICIPO da cantidade de (en letra e número) _____
 €, en concepto de restitución á produción no sector dos cereais e do arroz".

Texto 3: "A percepción da RESTITUCIÓN á produción pola utilización de (letra e número) _____
 t de amidón (2) _____ NC _____, no produto
 _____ co NC 3505.10.50, e que foi transformado conforme o certificado de restitución nº _____, expedido
 polo Servizo Provincial do FOGGA en _____".

- (2) Designación segundo o anexo II do R (CEE) 1722/1993.
 (3) Designación segundo o anexo I do R (CEE) 1722/1993.
 (4) Millo, trigo, partidas de arroz ou fécula de patata.

ANEXO VIII



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO RESTITUCIÓNS Á PRODUCCIÓN NO SECTOR DOS CEREAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR262A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE PAGAMENTO DA RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN
--	---	---

DATOS DO FABRICANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	Nº FABRICANTE	DATA DE AUTORIZACIÓN ____/____/____
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación

APELLIDOS	NOME	DNI	
EN CALIDADE DE		ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

1º- Que utilizou _____ t de (1) _____
 co NC nº _____, equivalente a (2) _____ t de (3) _____
 _____, na fabricación de _____ t de (5) _____

2º- Que os datos de adquisición do amidón son os seguintes:

- Data de adquisición e entrega _____ nº de albará _____ Nº factura _____
- Nome e enderezo do subministrador _____
- Nome e enderezo do fabricante do amidón utilizado _____

3º- Que os datos de fabricación son os seguintes:

DATA	AMIDÓN UTILIZADO (1)		PRODUCTO AUTORIZADO PARA OBTEN (5)	
	t	NC	t	NC

SOLICITA:

O pagamento do importe da restitución correspondente á utilización de _____ t de (1) _____ equivalente a (2) _____ t de amidón de (3) _____, na fabricación de _____ t de (5) _____, con cargo ao certificado de restitución nº _____, expedido en _____ o día _____, e con validez ata o día _____, o cal ascende a un montante de _____ (letra e número) €, que deberá ser ingresada na conta e entidade abaixo indicadas.

DATOS BANCARIOS

ENTIDADE FINANCIERA			
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	CONTROL	Nº DE CONTA CORRENTE

LEXISLACIÓN APLICABLE

-R (CEE) 1722/1993, da Comisión, do 30 de xuño
 -R(CEE) 1784 /2003, do 29 de setembro, do Consello
 -R (CEE) 1418/1976, do 21 de xuño, do Consello
 -Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

_____, de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA ____/____/____
REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS ____/____/____
	DATA DE SAÍDA ____/____/____

Director do FOGGA

ANEXO IX



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PROCEDEMENTO RESTITUCIÓNS Á PRODUCCIÓN NO SECTOR DOS CEREAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR262A	DOCUMENTO SOLICITUDE DE ANTICIPO DE RESTITUCIÓN Á PRODUCCIÓN
--	---	--

DATOS DO FABRICANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	Nº FABRICANTE	DATA DE AUTORIZACIÓN _ / _ / _
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación

APELIDOS	NOME	DNI	
LOCALIDADE DE		ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

1º- Que utilizou _____ t de (1) _____
co NC nº _____, equivalente a (2) _____ t de (3) _____
_____, na fabricación de _____ t de (5) _____
_____ dentro do período de validez establecido no certificado nº _____,
expedido polo Servizo Provincial do FOGGA con data _____

2º- Que presentou solicitude de pagamento da restitución, da que se xunta copia, para o aboamento da restitución que lle puidese corresponder,

SOLICITA:

En virtude do establecido no artigo 11.2 do Regulamento (CEE) nº 1722/1993, obter un anticipo de _____
_____ (en letra e número) €, equivalente a unha restitución de _____ €/t,
pola utilización da cantidade de amidón ou fécula indicados.

A garantía establecida no artigo 11.2 do R (CEE) 1722/93 achégase mediante (6) _____
_____ nº _____, emitida pola entidade financeira _____
_____, por un importe de _____ € (115% do que se solicita).

O dito anticipo deberá ser ingresado na entidade e conta bancarias indicadas na solicitude de pagamento da restitución.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-R (CEE) 1722/1993, da Comisión, do 30 de xuño
-R(CEE) 1784/1992, do 29 de setembro, do Consello
-R (CEE) 1418/1976, do 21 de xuño, do Consello
-Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento
para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se
convocan para o ano 2006.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	DATA DE ENTRADA _ / _ / _
	DATA DE EFECTOS _ / _ / _
	DATA DE SAÍDA _ / _ / _
REVISADO E CONFORME	

Director do FOGGA